

**Comentarios subidos no blog do I. Sánchez Cantón no curso 2012-2013**  
**Os nomes do traidor**

Este libro trata sobre unha testemuña protexida dende o punto de vista de varios personaxes: Delannuit, a testemuña; Xenebra, a súa muller; Sampaio, o narcotraficante; Alicia, a filla de Delannuit; Columbus, un axudante de Sampaio e Figueroa, o psicólogo. Delannuit vive atormentado pensando que algún día un sicario de Sampaio chegará para matalo por delatar á policía os plans do narcotraficante. Dende o momento en que intervéñen a policía Delannuit ten que cambiar toda a súa vida e decide non informar a súa familia de que está vivo. Pasa bastante tempo vivindo normalmente, pero está vixiando en todo momento polo que puidera pasar. Delannuit é o protagonista da historia. É un personaxe redondo xa que evoluciona moitísimo psicolóxicamente ao longo da novela. Sampaio por outra banda é o malo, o narcotraficante ao que se lle truncan os plans e quere vinganza dende o cárcere. É unha persoa segura de si mesma e fálase del durante todo o libro aínda que non é el quen o fai na maioría dos casos. O capítulo máis importante é o que narra Figueroa ao final do libro, xa que explica os sucesos da morte de tres persoas da urbanización. Ademais tamén explica en que consistía este programa de protección de testemuñas. O que máis me gustou do libro é que de forma gradual vas enlazando toda a historia coa axuda de todos estes narradores. Aínda que está ven este mecanismo, ás veces pode resultar lioso que cambie o narrador tantas veces. O que menos me gustou foi o final xa que non vexo normal o erro cometido creando esa urbanización na que todos son testemuñas protexidas. En xeral é un libro entretido e doado de ler debido ao vocabulario sinxelo. Nunca lira unha novela negra e intrigante na que o final sorprende tanto. **(Elena)**

Este libro ten unha división que se podería clasificar de particularmente estraña. Os títulos que Serra Veloso elixe para os capítulos son os nomes dos personaxes que van actuar como narradores e máis como protagonistas. Ao existiren tantos personaxes, é realmente difícil decantarse por un protagonista e vou tomalo como unha decisión persoal: aínda que penso que a maioría das persoas que lesen o libro elixirían a Delannuit como protagonista, eu prefiro elixir ao inspector Figueroa. Ata o último capítulo non o tería feito, pero a carta final que este traballado dirixe ao seu xefe fíxome cambiar de parecer. Un aspecto que me chamou moito a atención foi a escaseza e case ausencia de diálogos na obra. A verdade é que este recurso fai que sexa unha lectura un pouco monótona, sen os sobrealtsos que poden aportar as intervencións de tan variados personaxes. Os personaxes teñen unha caracterización redonda, toda a abundante narración que conforma o libro é un desenvolvemento dos seus sentimentos profundos e complicados. A ambientación está conformada por un tempo presente con numerosas retrospectivas que contan unha vida pasada do personaxe Delannuit. Ademais do tempo, está formada por diversos espazos, dependendo do personaxe, o que implica unha ambientación moi complicada e diversa. Como a historia depende de numerosos personaxes, prefiro destacar algún aspecto de opinión máis persoal: a novela abarca unha historia dende moitos puntos de vista. Cabe destacar o de Delannuit: un home que ten que cambiar de identidade por presentarse como testemuña contra un delito realmente grave que el mesmo ía cometer. Tamén a actitude de Xenebra, a muller deste outro personaxe, que ten que atuar unha vida sen o seu marido que cree morto, aínda que este estea simplemente agochado. A actitude da súa filla, Alicia, aínda que non participa como "posuidora dun capítulo", ten unha grande importancia porque reflicte o cambio que lle impón a desaparición do seu pai do seu carón. Outro detalle do libro é a o final. Nel, o libro da unha volta sobre a perspectiva que o autor é quen de nos amosar sobre a vida de Delannuit. En realidade, nunha cidade simplemente distinta (quero dicir con isto que non é a da súa habitual residencia, pero é un lugar normal), senón que está nunha urbanización chea de testemuñas protexidas na que todos descoñecen esta posición compartida cos veciños. Por último, teño que dicir que non é o libro que máis me gustou. Non trata un tema con verdadeira profundidade para o meu gusto, e pode que sexa porque contén demasiados puntos de vista sobre unha mesma cousa. Ademais, arrepioume moito o derradeiro parágrafo da obra: o inspector ten que eliminar á cadeliña de Delannuit tras a súa morte, e propón formas verdadeiramente inhumanas de facelo. **(Elena)**

O tema da obra xira entorno as inxerencias e medos que acompañan ao protagonista Xosé Luis (coa nova identidade Manuel Fernández) que vive agochado nunha urbanización como testemuña protexida despois de delatar a un mafioso narcotraficante (Claudio Sampaio) polo que se sente ameazado e teme pola súa vida. Hai que destacar que cada capítulo leva o nome dos personaxes que achegan a súa visión da vida e dos feitos; o protagonista que

aparece como Delanuit, nome que el elixira pero que non llo aceptaron, Xenebra é a súa muller, Alicia a filla maior, Sampaio o narcotraficante, Columbus o sicario e Figueroa o comisario de policía. O libro é una mestura de intrigas e reflexións psicolóxicas dos diferentes personaxes. Os lugares onde se desenvolve a acción son variados, por unha banda está a urbanización, por outra o entorno da muller e as fillas do protagonista e tamén o cárcere, sen deixar de mencionar a viaxe a Colombia. Ao longo da obra vanse alternando as diferentes vivencias pero é no último capítulo onde se aclaran todas as dúbidas, e quizais o de máxima tensión xa que aparte dos asasinatos de Delanuit e Columbus e a morte accidental da outra testemuña membro da asociación cultural, descóbrese a identidade de todos os veciños da urbanización. Pareceume moi triste o final que lle esperaba a cadela Perestroika despois de rematar a misión. Finaliza a obra coa intriga de saber quen foi o último traidor se Leclerc ou Casabuda. En conclusión esta obra foi unha das que máis me gustou, resultoume amena e entretida. **(Yeray)**

“Os nomes do traidor” é unha novela de Xurxo Sierra Veloso na que a trama se nos presenta escrita en diversos capítulos, nos cales o título vai anticipar quen vai ser o narrador e o protagonista dese capítulo. O libro narra a historia da conversión dunha persoa normal nunha testemuña protexida debido á súa implicación nun caso de narcotráfico de drogas a escala mundial. Cunha historia bastante desordenada, a obra vai desenredar pouco a pouco todos os sucesos que levaron ao protagonista á situación actual, así como vai contando outras accións secundarias sen moita importancia para a trama principal. Son seis os personaxes principais, esta clasificación débese ao seu protagonista narrativo en determinados capítulos:

-Xosé Luís Vidueira (tamén coñecido co seu nome de testemuña protexida, Manuel Fernández Castro, ou co nome que el quería de testemuña, Bernardo Delanuit): é un home frío, parado e aparentemente sen interese por nada. Dálle igual a súa familia e mesmo a abandona porque realmente non a quere o suficiente, acaba obsesionándose con que o van matar. Traballaba baixo o mando de Sampaio, un narcotraficante a escala mundial, como chofer. Este ofreceulle unha nova vida, sen muller, fillas e preocupacións, pero Vidueira preferiu delatalo e vivir esa mesma nova vida pero como testemuña protexida.

-Xenebra: é a muller de Xosé Vidueira. Ten que soportar o baleiro que deixou o seu esposo e ten que cargar coa dobre autoridade sobre as súas fillas.

-Alicia Vidueira: é a filla de Xosé Vidueira e mais Xenebra. É unha rapaza que atravesou unha parte complicada da vida, a adolescencia. Isto, sumado a que acaba de perder ao seu pai, fan un cóctel de problemas e rifas coa súa nai.

-Claudio Sampaio: foi un narcotraficante internacional, un dos maiores traficantes de cocaína de Europa. Agora está no cárcere ao ser arrestado mentres intentaba realizar unha operación de contrabando de drogas en Colombia. A idade e a estancia no cárcere déronlle sabedoría e calma, xa non é tan impulsivo como antes e saberá esperar para poder vingarse do seu traidor. Aparentemente coidaba dos da súa banda, sobre todo de Columbus, a quen apoiou cos problemas cancerixenos da súa muller, mesmo economicamente.

-Paco Olegario Castela (máis coñecido polo seu alcume, como traballador de Sampaio, Columbus): é o fiel traballador de Sampaio, o seu confidente, a súa man dereita. É o que cumpre esa vinganza do seu xefe, matando a Manuel Castro. Ten problemas coa súa muller debido a que esta está pasando por unha etapa complicada na que sofre de cancro, ademais ela non aproba a relación co delincuente Claudio.

-Figueroa: é o policía encargado do departamento de protección de testemuñas. Desde os ollos de Delanuit a este policía vézelle como a alguén que non se preocupa demasiado polas persoas ás que debe dar unha nova identidade, como a alguén distante e desconfiado. Non é ata o derradeiro capítulo cando vemos unha verdadeira aparición na obra deste personaxe, todas as aparicións anteriores foran en forma de mencións por parte de Xosé Vidueira. Neste último capítulo é el o protagonista e desveláanos todos os asuntos da obra que quedaran sen descubrir e outros que non se coñecían e dos que non se falara antes, pero que viñeron ven para poder entender mellor a novela. Ao principio pensa que Delanuit é un esaxerado e unha persoa obsesionada, pero cando este morre dáse de conta de que en realidade tiña Vidueira tiña razón.

Todos os personaxes aquí citados son redondos, pois, en máis ou menos medida, todos eles van tendo certa evolución ao longo da historia.

Os narradores son variados, son os mesmos ca os protagonistas principais descritos enriba. Teñen unha participación interna e sempre participan en primeira persoa, sabendo só o que eles coñecen, sen gozar da omnisciencia. A trama sucede en España e en Colombia e, principalmente, na urbanización Amapoula. Hai moitísimas evocacións retrospectivas, tantas e tan colocadas no medio de diferentes accións que fan do libro unha maraña de accións distintas e as veces difíciles de situar. O libro en realidade non estivo mal, sobre todo no

tocante á trama da historia, a cal pareceume bastante innovadora e inusual, non soen verse moitos libros que falen da protección de testemuñas. Ademais de tratar este bastante descoñecido tema, o autor descríbese bastante ben e con abundante información que fai que nos metamos na historia e podamos descubrir toda a rede que hai, de modo que nos mesmos podemos sentirnos como unha especie de detectives a medida que avanza a historia. Algo que non me gustou nada do libro foi a súa estrutura no tocante aos parágrafos, simplemente non os hai. Todo está escrito de forma seguida e sen división ningunha. Isto fai bastante pesada a lectura porque non hai pausas nin descansos e tamén a fai máis espesa. O final, coido eu, era bastante previsible, desde o primeiro momento en que se soubo que Xosé era unha testemuña protexida e que Sampaio buscaba vinganza puiden albiscar o final. Aínda así isto non me desgustou xa que o final é o mellor do libro, está perfectamente redactado e elaborado para contarnos o desenlace da obra pero dando primeiro un rodeo e explicando as orixes do programa de testemuñas e os focos que quedarán sen resolver durante a historia. Houbo dous pequenos detalles que, para min, lle deron o toque de enxeñosidade perfecto ao final para engrandecelo: un foi ao no principio dese final (o último capítulo) cando di que non nos quere aburrir e que ve que vamos a poñer os cóbados sobre a mesa ao ver todos os folios que vai a escribir; o autor acertou porque dende logo eu fixen todo o que el dixo que ía facer. O outro toque foi a morte ridícula de Filipe Roisés (o amante da señora Peribáñez), quen morreu ao golpearse coa cabeza contra o inodoro, provocado por un susto, mentres estaba mantendo relacións sexuais coa súa amante. En xeral o libro gustoume moito, pero o feito de non ter pausas no que se refire aos parágrafos fixo que lelo fose moi pesado a aburrido de máis, por iso eu non o recomendaría porque sería pasar un mal trago ter que ler dúascentas páxinas sen certo descanso.

Os nomes do traidor é un libro que destaca tanto polo seu contido como pola súa orixinalidade á hora de contar a historia. Todos os acontecementos xiran entorno a Delanuit ou Xosé Luís Vidueira e o seu papel como testemuña protexida, quen acaba morrendo debido ao seu medo polo seu pasado. A estrutura da historia é un tanto particular pois a trama se nos presenta fragmentada e chea de opinión persoais dos personaxes, xa que todos eles, cada un no seu capítulo, contan as consecuencias que tiveron os actos de Delanuit nas súas vidas. Entre estes narradores atópanse: Delanuit, que é o protagonista e quen bota a perder a "Operación Cadaleito"; Xenebra, muller do protagonista; Sampaio, xefe de Delanuit e responsable da operación; Alicia, filla maior de Delanuit e Columbus, fiel colaborador de Sampaio. Todos eles intentan enganar ao lector con pequenas mentiras e contradicións entre as súas historias que se van aclarando a medida que avanza a historia. Persoalmente a parte que máis me gustou foi o último capítulo, onde Figueroa desvela a verdade sobre moitos dos misterios que rodean dende o principio a Urbanización Mapoula. Un barrio deseñado polo goberno como experimento, onde todos os veciños son testemuñas protexidas q remata fracasando polo particularidade e desconfianza das testemuñas. A linguaxe da obra é complexa pero faise lixeira debido a utilización de frases cortas con gran forza e grazas ao uso moderado de descrições. O único inconveniente que se lle podería sacar á novela é a dificultade para adaptarte aos cambios de personaxes, sobre todo ao principio, xa que non sabes moi ben o papel que ten a personaxe na historia. Por todo o demais, considero esta novela como unha das mellores deste ano, pola súa calidade en canto a linguaxe e temática e pola súa particular estrutura que enriquece o argumento así como a personalidade dos protagonistas. (**Carmen**)